

CULTURA

Francisco Castro: “Internet é o mellor invento dende a imprenta”

O Segredo de Marco Polo, ambientado na Venecia do século XIII, é o último traballo do novelista vigués

HÉCTOR J. PENA |

Francisco Castro (Vigo, 1966), escritor, profesor e blogueiro, exerce ademais como coordinador de novos proxectos da editorial Galaxia. Leva escribindo dende 1991, ano no que dá ao prelo Amor de cinema. Dende entón non parou de publicar, gañando premios como o Blanco Amor de Novela Longa e o Manuel García Barros de Novela. O segredo de Marco Polo é o seu último traballo. O autor recibiu a [Xornal de Galicia](#) para falar do seu libro máis recente á hora de xantar, comendo un dos pratos que o mercador veneciano introduciu en Europa.



Francisco Castro / SONIA DAPONTE

O segredo de Marco Polo é un exemplo de literatura xuvenil, que valores pretende transmitir?

Ben, non é un libro xuvenil ao uso, pois non ten como obxectivo transmitir ningunha clase de valor didáctico. Eu son dos que defende que os libros o principal valor que teñen que transmitir é unha boa ficción, boa literatura. Non obstante, na novela hai uns valores moi claros. Por unha banda, o dereito á liberdade, e por outra banda, a necesidade de perseguir os propios soños.

A cidade de Venecia, na que se ambienta a trama do libro, móstrase como un elemento fundamental da trama. Que é máis importante n'O segredo de Marco Polo, o continente ou o contido?

O importante é a trama, como para todas as novelas, a historia que se pretende contar. O que pasa é que Venecia é unha cidade cunha forza brutal, no sentido de que non se parece a ningunha outra. É como un marco pechado, cun universo propio, e máis no século XIII, un tempo no que era moi difícil tanto entrar como saír dela, co cal a propia Venecia ten un protagonismo moi marcado na novela, é case un personaxe máis.

Tras escribir narrativa infantil, xuvenil, adulta, incluso erótica, onde se sente máis cómodo?

A verdade é que se tivese que escoller, non podería. Todos teñen o seu engado, e non creo que sexa máis fácil escribir para adultos ca para rapaces.

Novela ou relato?

Eu sempre digo que o que me fai gozar moitísimo son os relatos, pero dende hai dez anos só publico novelas, malia a que son xeitos de escribir moi distintos. O relato esixe moitísima concentración na escrita, porque tes unha limitación de páxinas, e a novela esixe a recreación, é algo máis potente dende o punto de vista literario. O certo é que ultimamente só publico novelas. Despois de deixar navegar a Marco Polo publicarei outra novela, que xa rematei, ao longo do ano que vén, e xa teño outra pola metade. Logo, parece que estou cada vez máis abocado a ser novelista e non autor de relatos.

Vostede é un pioneiro no uso das redes sociais para interactuar cos lectores e como medio de promoción. Cre que a web 2.0. está a ser algo positivo para os escritores?

Evidentemente. Eu ademais son moi estrito con isto, pois son un talibán das novas tecnoloxías. Creo que para os escritores, para os músicos, para os artistas de toda clase, é unha maneira de mostrar o seu propio traballo sen límites de ningunha clase. Para o caso concreto dos escritores é unha posibilidade fantástica para interactuar co lector. Estou convencido de que a rede, despois da imprenta, é o mellor invento no ámbito da cultura e da comunicación. E logo xa, por suposto,

coido que é o único reduto real de liberdade que queda, á hora de opinar, á hora de posicionarse diante do mundo... Non existe ningunha clase de censura, polo menos no noso contorno, malia a que hai países onde si. Así que non podo ser máis que un defensor sen concesións dos blogs, do [Facebook](#), do [Twitter](#) e do seguinte que veña.

Non opina, como moitos axentes do sector editorial, que internet está a provocar unha perda de ingresos no mundo do libro?

Non, para nada. O segredo de Marco Polo nunca tería a difusión que ten se non existisen os meus mil e pico amigos do [Facebook](#), que foron informados de cando saía a venda. Os medios de comunicación tradicionais dedícanlle o libro galego moi pouco espazo, salvo periódicos como [Xornal de Galicia](#) e poucos máis. Internet ofrece a posibilidade de chegar a todo o mundo de xeito gratuito.
